

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO
DEPARTAMENTO DE INGLÉS IES
MARCO DO CAMBALLÓN
1º, 2º, 3º e 4º ESO
1º e 2º Bacherelato
CURSO 2020/ 2021**

ÍNDICE

1. Introducción contextualización	4
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	6
2.1 Contribución da materia e estándares por cursos .	7
2.2 Contribución da materia á nota final de competencias .	16
2.3 Rúbricas de Competencias	18
3. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación:	
3.11°ESO -----	22
3.22°ESO -----	39
3.33°ESO -----	58
3.44°ESO -----	82
3.5 BACHERELATO.	103
3.5.11° BACH.	104
3.5.2 2° BACH.	132
4. Concrecións metodolóxicas que require a materia	
4.1 Metodoloxía Didáctica -----	148
4.2 Didáctica de aspectos da área de inglés -----	150
5. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar -----	151

6. Criterios de a avaliación, cualificación e promoción do alumnado-----	153
6.1 Criterios de avaliación da ESO-----	153
6.2 Criterios de avaliación do BACHERELATO-----	154
7. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente -----	157
8. Organizaciones das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes__	161
9. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados-----	161
10. Medidas de atención á diversidade-----	164
11. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda-----	165
11.1 Aportación do Departamento ao Plan lector -----	165
12. Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso-----	165
13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora -----	166
14. Medidas de reforzo_____	169
15. Anexo Covid_____	170

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

No curso 2018/2019 o Departamento de inglés está constituído por dúas profesoras:

- M^a Josefa Conde Fernández (XD)
- M^a del Carmen Lamas Meijome

Os cursos quedan distribuídos do seguinte xeito:

- 1º ESO A e B M^a Josefa Conde Fernández
- 2º ESO A e B M^a Carmen Lamas
- 3º ESO A: M^a Josefa Conde Fernández
- 3º ESO B : M^a Carmen Lamas
- 4º ESO: M^a Josefa Conde e M^a Carmen Lamas (desdobre)
- 1º BACH: M^a Josefa Conde
- 2º BACH: M^a Carmen Lamas
- 1º FP BAS: M^a Josefa Conde
- 2º FP BAS: M^a Carmen Lamas

O centro IES Marco do Camballón está situado na Rúa Camballón 24, Vila de Cruces 36590 na provincia de Pontevedra. Ao ser un centro rural hai unha mestura de alumnado xa que o centro integra á totalidade de alumnado en idade de cursar ESO ou Bacharelato, sexa cal sexa a súa procedencia ou nivel social. Ademais da Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato o centro oferta a FP Básica na rama de Servizos administrativos, CM de Atención a persoas en situación de dependencia e o CM de Soldadura e caldeirería.

A nivel lingüístico, a maioría do alumnado é galegofalante habitual. Tanto a nivel oral como escrito, presentan bastantes carencias de base na lingua inglesa. Ademais disto, aínda que a actitude xeral cara á lingua positiva e os grupos son moi activos, detéctanse prexuízos en relación con seu emprego e a súa utilidade sobre todo cando o hábito de traballo e estudo fallan de base .

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

A materia de Lingua inglesa impártese en tódolos grupos da ESO , Bacharelato e FP Básica. Neste curso 2020 / 2021 hai un total de alumnos coa materia suspensa que se reparte nos seguintes cursos:

- 2º ESO : hai 4 alumnos có inglés de 1ºESOpendente.
- 3º ESO : hai 6 alumnos có inglés de 2º ESOpendente.
- 4º ESO: hai 3 alumnos có inglés de 3º ESOpendente.

En canto a número de alumnado , por curso; son os seguintes:

- 1º ESO: hai un total de 34 alumnos en dous grupos (16/18) .
- 2º ESO : hai un total de 26 alumnos distribuidos en dous grupos.
- 3º ESO: hai un total de 24 alumnos distribuidos en dous grupos (17/17) .
- 4º ESO: hai un total de 25 alumnos(con desdobre).
- 1º Bacharelato: hai un total de 22 alumnos.
- 2º Bacharelato: hai un total de 16 alumnos.

2.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIASCLAVE.

O artigo 2 do Decreto 86/2015 no seu apartado 3B sinala as competencias como un dos elementos do currículo definíndoas como “capacidades para aplicar de xeito integrado oscontidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos” e no seu artigo 3 fixa as sete competencias clave que o alumnado deberá desenvolver:

1. Comunicación Lingüística(CCL)
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía(CMCCT)
3. Competencia dixital(CD)
4. Aprender a aprender(CAA)
5. Competencias sociais e cívicas(CSC)
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor(CSIEE)
7. Conciencia e expresións culturais(CCEC)

O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar. Son, en fin, aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. No obstante despois de elaborar as taboas que configuran as rúbricas do centro, chegamos a conclusión de que , aínda que todas as competencias se traballen e debido á poca incidencia da competencia matemática na nosa materia , no tendremos un porcentaxe de nota na rúbrica da CMCCTpara facilitar a aplicación do currículo dado o elevado número de estándares que contén.

No noso centro levamos dous cursos traballando as competencias clave e acordamos na CCP e no claustro a porcentaxe coa que ca da materia vai contribuír en cada nivel na cualificación final . No propio currículo, xa se inclúen en cada materia referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. No caso da materia de Lingua inglesa é a CCL a que predomina claramente.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

2.1. Contribución da materia de Lingua inglesa ao logro das competencias clave.

Para facilitar a aplicación do currículo dado o elevado número de estándares que contén, decidimos concretar os estándares que imos a avaliar

1º ESO				
Comprensión y producción oral= 12estándares Comunicación escrita= 12 estándares Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural= 8 estándares TOTAL= 32 estándares				
CAA 3 estándares	CSC 3 estándares	CD 2 estándares	CCEC 3estándares	CCL 21 estándares
2º ESO				
Comunicación oral= 14 estándares Comunicación escrita= 12 estándares Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural= 8 estándares TOTAL= 34 estándares				
CAA 3estándares	CSC 4 estándares	CD 2estándares	CCEC 3 estándares	CCL 22 estándares
3º ESO				
Comunicación oral= 13 estándares Comunicación escrita=14 estándares Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural= 9 estándares TOTAL= 36 estándares				
CAA 2 estándares	CSC 3 estándares	CD 2 estándares	CCEC 3 estándar	CCL 26 estándares
4º ESO				
Comunicación oral= 14 estándares Comunicación escrita= 16 estándares Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e multicultural= 8 estándares TOTAL=38 estándares				
CAA 5 estándares	CSC 1 estándar	CD 3estándares	CCEC 2estándares	CCL 26 estándares

2.1A continuación especificamos cales foron os **estándares seleccionados para avaliar cada competencia** distinta da CCL por nivel:

1º de ESO

Estándares de aprendizaxe asociados a CSC

- PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais.
- PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

Estándares de aprendizaxe asociados a CECC

PLEB2.1 Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.

PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

- PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe

Estándares de aprendizaxe asociados a CD

- PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guiión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.
- PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as sección difíciles.

Estándares de aprendizaxe asociados a CAA

- PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.

- PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.
- PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.

2º de ESO

Estándares de aprendizaxe asociados a CSC

- PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo.
- PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas do seus compañeiros e das súas compañeiras.
- PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.).
- PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais.

Estándares de aprendizaxe asociados a CECC

- PLEB2.2. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.
- PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

Estándares de aprendizaxe asociados a CD

PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.

PLB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados en un rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.

Estándares de aprendizaxe asociados a CAA

PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.

PLB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras,etc.

PLB5 5. Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción.

3º de ESO

Estándares de aprendizaxe asociados a CSC

- PLEB2.1. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).
- PLEB5.3. Utiliza as convencións máis habituais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro estándar.

Estándares de aprendizaxe asociados a CECC

- PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

- PLEB5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, para un interlocutor próximo real ou simulado que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir relación fluída entre falantes de culturas, amosando respectos perante as diferenzas.
- PLEB4.5. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves nas redes sociais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e as normas de cortesía.

Estándares de aprendizaxe asociados a CD

- PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.
- PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.

Estándares de aprendizaxe asociados a CAA

PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros e ás compañeiras cando non progresa a comunicación.

PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais).

4º de ESO

Estándares de aprendizaxe asociados a CSC

- PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.

Estándares de aprendizaxe asociados a CECC

- PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

Estándares de aprendizaxe asociados a CD

PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.

PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material.

PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.

Estándares de aprendizaxe asociados a CAA

- PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.

- PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.).

- PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese.

- PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

2.2 Contribución da materia á nota final de competencias (Taboas).

(aprobada polo claustro no curso 2017-18; se houberse modificacións acordadas polo claustro faríase constar nas actas do departamento)

1º ESO	CAA	CECC	CCL	CD	CSC
Alumnado con Francés e Relixión	9,09%	5%	15%	12%	2%
Alumnado con Francés e Valores éticos	9,09%	5%	15%	12%	2%
Alumnado de Reforzo e Relixión	10%	5%	20%	12%	3%
Alumnado de Reforzo con Valores éticos	10%	5%	20%	10%	3%

2º ESO	CAA	CECC	CCL	CD	CSC
Alumnado con Francés, Relixión e Igualdade de xénero	8,33%	5%	15%	12%	4%
Alumnado con Francés, Relixión e RIOV	8,33%	5%	15%	12%	6%
Alumnado con Francés, Valores éticos e Igualdade de xénero	8,33%	5%	15%	12%	5%
Alumnado con Reforzo, Relixión e Igualdade de xénero	9,09%	5%	20%	12,5%	4%
Alumnado con Reforzo, Relixión e Regueifa	9,09%	5%	20%	12,5%	4%

2º ESO RIOV	CAA	CECC	CCL	CD	CSC
Alumnado con Francés e Relixión	8,33%	5%	15%	12%	4%
Alumnado de Reforzo e Relixión	9,09%	5%	20%	12,5%	5%

3º ESO	CAA	CECC	CCL	CD	CSC
Alumnado con Relixión e Cultura Clásica	7,69%	2,5%	16%	10%	9%
Alumnado con Francés e Relixión	7,69%	2,5%	15%	10%	5,5%
Alumnado con Valores éticos e Cultura clásica	7,69%	2,5%	16%	10%	7%

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

4º ESO	CAA	CECC	CCL	CD	CSC
Alumnado con Matemáticas Académicas, Bioloxía, FQ, Relixión, Plástica e TIC	9,09%	5%	20%	7%	5%
Alumnado con Matemáticas Académicas, Bioloxía, FQ, Relixión, Plástica e Francés	9,09%	5%	15%	16%	6%
Alumnado con Matemáticas Académicas, Bioloxía, FQ, Relixión, Artes escénicas e Francés	9,09%	5%	15%	18%	5%
Alumnado con Matemáticas Académicas, Bioloxía, FQ, Valores éticos, Plástica e TIC	9,09%	5%	20%	6%	4%
Alumnado con Matemáticas Académicas, Economía, Latín, Relixión, Artes escénicas e Francés	9,09%	5%	15%	12%	4%
Alumnado con Matemáticas Académicas, Economía, Latín, Relixión, Artes escénicas e TIC	9,09%	5%	15%	5%	4%
Alumnado con Matemáticas Académicas, Economía, Latín, Valores éticos, Plástica e TIC	9,09%	5%	15%	6%	4%
Alumnado con Matemáticas Académicas, Economía, Latín, Valores éticos, Artes escénicas e Francés	9,09%	5%	15%	10%	4%
Alumnado con Matemáticas Aplicadas, Iniciativa emprendedora, Tecnoloxía, Relixión, Plástica e TIC	9,09%	5%	20%	4%	4%
Alumnado con Matemáticas Aplicadas, Iniciativa emprendedora, Tecnoloxía, Relixión, Plástica e Francés	9,09%	5%	15%	8%	5%

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

2.3 Rúbricas aprobadas para avaliar os estándares transversais CSC,CCEC,CAA eCD.

RÚBRICA DA COMPETENCIA CSC

	EXCELENTE (2-1,5 puntos)	SATISFACTORIO (1,5-1 puntos)	BÁSICO (1-0,5 puntos)	ESCASO (0,5-0 puntos)
<p>Harmonía coas compañeiras e compañeiros (2 puntos)</p>	<p>Sempre traballa con tolerancia e de bo grao con calquera das compañeiras e compañeiros. Nunca mostra actitudes sexistas nin discriminatorias. Nunca usa linguaxe sexistae/ ou discriminatoria. Sempre respecta a diversidade.</p>	<p>Case sempre traballa con tolerancia e de bo grao con calquera das compañeiras e compañeiros. Case nunca mostra actitudes sexistas nin discriminatorias . Case nunca usa unha linguaxe sexistae/ou discriminatoria e, se o fai, autocorríxese. Case sempre respecta a diversidade.</p>	<p>As veces traballa con tolerancia e de bo grao cos compañeiras/os pero prefire traballar só con parte deles/as. As veces mostra actitudes sexistas e/ou discriminatorias. As veces usa unha linguaxe sexistae/ou discriminatoria pero trata de autocorríxirse. As veces respecta a diversidade.</p>	<p>Ten dificultades para traballar con todos ou case todos os seus compañeiros/as. Con frecuencia mostra actitudes sexistas e/ou discriminatorias. Con frecuencia usa unha linguaxe sexistae/ou discriminatoria e non trata de autocorríxirse. Nunca ou case nunca respecta a diversidade.</p>
<p>Interese e coidado do material (2 puntos)</p>	<p>Sempre participa activamente nas actividades propostas. Sempre se interesa por manter en bo estado o material, propio e alleo, e respecta as normas de uso.</p>	<p>Case sempre participa activamente nas actividades propostas. Case sempre se interesa por manter en bo estado o material, propio e alleo, e respecta as normas de uso.</p>	<p>As veces participa activamente nas actividades propostas. As veces interésase por manter en bo estado o material, propio e alleo, e respecta as normas de uso.</p>	<p>Nunca ou case nunca participa activamente nas actividades propostas. Ten dificultades para manter en bo estado o material, propio e alleo, e para respectar as normas de uso.</p>
<p>Utilización de valores (2 puntos)</p>	<p>Sempre é solidario/ae ofrece a súa axuda cando alguén a necesita. Sempre cumpre as normas porque comprende a súa importancia para evitar conflitos e, se os hai, sempre se involucra na súa solución. Sempre adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. Sempre aplica hábitos de hixiene e saúde.</p>	<p>Case sempre é solidario/ae adoita ofrecer a súa axuda cando alguén a necesita. Case sempre cumpre as normas para evitar conflitos e, se os hai, adoita involucrarse na súa solución. Case sempre adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. Case sempre aplica hábitos de hixiene e saúde.</p>	<p>As veces é solidario/ae ofrece a súa axuda cando alguén a necesita. As veces non cumpre as normas, pero se hai conflitos trata de involucrarse na súa solución. As veces adopta, por iniciativa propia, actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. As veces aplica hábitos de hixiene e saúde.</p>	<p>Nunca ou case nunca é solidario/ae tendificultades para ofrecer a súa axuda cando alguén a necesita Nunca ou case nunca respecta as normas e non adoita involucrarse na solución dos conflitos. Nunca ou case nunca adopta actitudes de respecto e coidado do medio ambiente. Nunca ou case nunca aplica hábitos de saúde e hixiene.</p>
<p>Participación no grupo (2 puntos)</p>	<p>Sempre participa activamente no traballo en grupo, implicase na organización, achega ideas e traballa colaborativamente. Sempre admite e respecta todas as opinións e axuda a resolver conflitos se os hai. Sempre respecta as quendas.</p>	<p>Case sempre participa no traballo en grupo, adoita implicarse na organización, achegar ideas e traballar colaborativamente. Case sempre admite e respecta as opinións e axuda a resolver conflitos se os hai. Case sempre respecta as quendas.</p>	<p>Participa no traballo en grupo pero só as veces se implica na organización, achega ideas e traballa colaborativamente. Só as veces admite e respecta as opinións ou parte delas e cústalle axudar a resolver conflitos se os hai. Só as veces respecta as quendas.</p>	<p>Nunca ou case nunca participa no traballo en grupo nin se implica na organización nin achega ideas nin traballa colaborativamente. Nunca ou case nunca admite nin respecta as opinións nin axuda a resolver conflitos. Nunca ou case nunca respecta as quendas.</p>
<p>Responsabilidade (2 puntos)</p>	<p>Sempre cumpre cos prazos marcados e realiza todas as tarefas. Sempre é responsable á hora de traer o material necesario.</p>	<p>Case sempre cumpre cos prazos marcados e realiza todas as tarefas. Case sempre é responsable á hora de traer o material necesario.</p>	<p>As veces non respecta os prazos, pero realiza a maioría das tarefas. As veces non é responsable á hora de traer o material .</p>	<p>Nunca ou case nunca respecta os prazos nin realiza a maioría das tarefas. Nunca ou case nunca trae o material necesario.</p>

RÚBRICA DA COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

	EXCELENTE (2,5-2 puntos)	SATISFACTORIO (2-1,5 puntos)	BÁSICO (1,5-1 puntos)	ESCASO (1-0 puntos)
Esforzo e actitude (2,5 puntos)	Sempre amosa capacidade de atención, concentración e memoria. Sempre se interesa polas actividades da clase. Sempre amosa curiosidade, motivación e esforzo na comprensión de conceptos.	Case sempre amosa capacidade de atención, concentración e memoria. Case sempre se interesa polas actividades da clase. Case sempre amosa bastante curiosidade e motivación. Xeralmente esforzase na comprensión de conceptos.	Ás veces perde a atención, desconcéntrase e/ou cústalle memorizar. Ás veces interésase polas actividades da clase. Ás veces amosa certa curiosidade e/ou motivación. Só se esforzaás veces na comprensión de conceptos.	Nunca ou case nunca presta atención, perde a concentración con frecuencia e cústalle moito memorizar. Nunca ou case nunca se interesa polas actividades da clase. Nunca ou case nunca amosa curiosidade nin se esforza na comprensión de conceptos.
Organización e planificación (2,5 puntos)	Sempre organiza e planifica axeitadamente as súas tarefas e distribúe ben os tempos. Sempresalienta nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios.	Case sempre organiza e planifica as súas tarefas, pero ás veces ten que redistribuír os tempos. Case sempresalienta nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios.	Ás vecescomete erros na organización e planificación das súas tarefas e ten dificultades coa adecuada distribución dos tempos. Ás veces cústalle diferenciar nos traballos os aspectos esenciais dos secundarios.	Nunca ou case nunca organiza nin planifica as súas tarefas e case sempre ten problemas coa distribución dos tempos. Nunca ou case nunca destaca nos traballos os aspectos esenciais fronte aos secundarios.
Estratexias e xestión da aprendizaxe (2,5 puntos)	Sempre selecciona adecuadamente as técnicas de estudo e as estratexias de resolución de exercicios ou problemas para obter o máximo rendemento. Sempre analiza, organiza e sintetiza conceptos e infire conclusións. É capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos axeitados para avanzar na aprendizaxe.	Case sempre seleccionaadequadamente as técnicas de estudo e as estratexias de resolución de exercicios ou problemas para obter un rendemento satisfactorio. Sempre analiza, organiza e sintetiza conceptos e case sempre infire conclusións. Case sempre é capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumosaxeitados para avanzar na aprendizaxe.	Cóñece distintas técnicas de estudo e estratexias de resolución de exercicios ou problemas, pero ás veces non as selecciona con acerto. Ás veces ten dificultades para analizar, organizar e sintetizar conceptos. Con frecuencia precisa axuda para inferir conclusións e elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos que lle permitan avanzar na aprendizaxe.	Non aplica distintas técnicas de estudo e estratexias de resolución de exercicios ou problemas ou faino sempre de xeito errado. Case nunca ou nunca é quen de sintetizar e organizar conceptos nin inferir conclusións. Non é capaz de elaborar mapas conceptuais, esquemas ou resumos que lle sirvan para avanzar na aprendizaxe.
Autonomía e capacidade de autoavaliación (2,5 puntos)	Sempre avalía criticamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas. Sempre utiliza os recursos ao seu alcance para documentarse sobre o que descoñece ou como apoio/ampliación para realizar as tarefas.	Case sempre avalía satisfactoriamente as súas producións e o proceso seguido para melloralas. Case sempre usa os recursos ao seu alcance para documentarse sobre o que descoñece ou como apoio para realizar as tarefas.	Ás veces avalía as súas producións pero só ocasionalmente obtén conclusións para melloralas. Ás veces usa algúns dos recursos que ten ao seu alcance como apoio para realizar as tarefas.	Nunca ou case nunca avalía as súas producións. Nunca ou case nunca usa os recursos que ten ao seu alcance para documentarse nin como apoio para realizar as tarefas.

RÚBRICA DA COMPETENCIA DIXITAL

	EXCELENTE (2-1,5 puntos)	SATISFACTORIO (1,5-1 puntos)	BÁSICO (1-0,5 puntos)	ESCASO (0,5-0 puntos)
<p>Fontes de información (2,5 puntos)</p>	<p>Procura información na rede demostrando habilidade no seu filtrado.</p> <p>Extrae a información precisa, escollendo con criterio o que realmente necesita.</p> <p>Procesa a información e manipúlaa tratando de evitar o copiado literal.</p>	<p>Procura información na rede pero ten certa dificultade no seu filtrado.</p> <p>Extrae a información precisa, aínda que ás veces necesita axuda.</p> <p>Procesa a información e manipúlaa, pero non se preocupa por evitar o copiado literal.</p>	<p>Procura información na rede de formaguada.</p> <p>Non ten un criterio claro para extraer a información precisa e necesita axuda constante.</p> <p>Fai una manipulación da información moi básica e cópiaa toda ou case toda de xeito literal.</p>	<p>Cústalle moito a procura de información na rede aínda que sexa de forma guiada.</p> <p>Non é capaz de extraer da información os datos que precisa.</p> <p>Non manipula nin procesa a información.</p>
<p>Capacidade para traballar coas TIC (2,5 puntos)</p>	<p>Coñece e usa aplicacións informáticas axeitadas á tarefa para confeccionar, compartir e/ou presentar os seus traballos. Manéxaas con destreza e crea documentos de calidade.</p>	<p>Coñece e usa a maioría das aplicacións informáticas axeitadas á tarefa para confeccionar, compartir e/ou presentar os seus traballos. Manexa a maioría delas con bastante destreza e crea documentos dixitais dunha calidade aceptable.</p>	<p>Coñece e usa só algunhas aplicacións informáticas axeitadas para confeccionar, compartir e presentar os seus traballos. Necesita bastante axuda para manexalas e para que os documentos xerados sexan dunha calidade mínima.</p>	<p>Non coñece nin usa as aplicacións máis comúns axeitadas á tarefa para confeccionar, compartir e presentar os seus traballos. Necesita axuda constante para o seu manexo e, mesmo de xeito guiado, produce documentos de baixa calidade.</p>
<p>Linguaxe específica (2,5 puntos)</p>	<p>Interpreta correctamente a simboloxía propia das aplicacións informáticas, de modo que é capaz de iniciarse de forma autónoma no seu manexo.</p>	<p>Interpreta correctamente a simboloxía propia das aplicacións informáticas, pero precisa de axuda para iniciarse no seu manexo.</p>	<p>Ten dificultades na interpretación da simboloxía propia das aplicacións informáticas e presenta dificultades para desenvolverse con elas, precisando de axuda.</p>	<p>Non coñece a simboloxía propia das aplicacións informáticas e non é quen de utilizalas correctamente aínda que sexa de forma guiada.</p>
<p>Respecto no uso de recursos dixitais (2,5 puntos)</p>	<p>Sempre inclúe nas súas producións as referencias ás fontes utilizadas.</p> <p>Sempre respecta os principios legais e éticos na utilización de fontes de información e/ou contidos, incluso ao compartilos nas redes sociais.</p>	<p>Case sempre inclúe as referencias ás fontes utilizadas.</p> <p>Case sempre respecta os principios legais e éticos na utilización de fontes de información e/ou contidos, incluso ao compartilos nas redes sociais.</p>	<p>Esquécese con frecuencia de facer referencia ás fontes utilizadas.</p> <p>Hai que lembrarlle a cotío que respecte os principios legais e éticos na utilización de fontes e/ou contidos.</p>	<p>Non fai referencias ás fontes utilizadas.</p> <p>Non amosa interese polo respecto aos principios legais e éticos na utilización de fontes e/ou contidos, incumpríndoos intencionadamente.</p>

RÚBRICA DA COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)

	EXCELENTE (2,5-2 puntos)	SATISFACTORIO (2-1,5 puntos)	BÁSICO (1,5-1 puntos)	ESCASO (1-0 puntos)
Respecto pola cultura (2,5 puntos)	Sempre mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais. Sempre amosa interese pola conservación do patrimonio e implicase activamente cando corresponde.	Case sempre mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais. Case sempre amosa interese pola conservación do patrimonio e é doado conseguir que se implique nesta tarefa.	Ás veces mostra interese e respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais. Ás veces amosa interese pola conservación do patrimonio, pero non adoita implicarse nesta tarefa.	Nunca ou case nunca mostra interese e /ou respecto por diferentes manifestacións artísticas e culturais. Non lle dá ningunha importancia á conservación do patrimonio.
Goce da cultura (2,5 puntos)	Sempre goza coas diferentes manifestacións culturais e artísticas, enténdelas como parte do desenvolvemento do pensamento e como unha riqueza e patrimonio dos pobos. Aprecia as manifestacións artístico-culturais cotiás como arquitectura, vivenda, moda, folclore etc.	Case sempre goza coas manifestacións culturais e artísticas, enténdelas como parte do desenvolvemento do pensamento e como unha riqueza e patrimonio dos pobos. Case sempre aprecia manifestacións artístico-culturais cotiás como arquitectura, vivenda, moda, folclore etc.	Ás veces goza con algunhas manifestacións culturais e artísticas, pero non as entende como parte do desenvolvemento do pensamento nin como unha riqueza e patrimonio dos pobos. Só ás veces aprecia algunhas manifestacións artístico-culturais cotiás.	Nunca ou case nunca goza coas manifestacións culturais nin as considera importantes no desenvolvemento do pensamento nin como riqueza dos pobos. Nunca ou case nunca aprecia manifestacións artístico-culturais cotiás.
Participación (2,5 puntos)	Sempre participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.	Case sempre participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.	Ás veces participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.	Nunca ou case nunca participa nas actividades artístico-culturais organizadas na propia comunidade.
Habilidades creativas (2,5 puntos)	Ten unha grande iniciativa e creatividade para expresarse a través de diferentes códigos artísticos e empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.	Ten iniciativa e bastante creatividade para expresarse a través de diferentes códigos artísticos e empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.	Ten iniciativa suficiente e unha creatividade básica para expresarse a través dalgúns códigos artísticos e empregar algúns materiais e técnicas no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.	Non ten iniciativa nin creatividade para expresarse a través dalgún código artístico e/ou empregar algún material e técnica no deseño de proxectos ou na realización das actividades propostas.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

A seguinte táboa mostra a nomenclatura dos distintos elementos que interveñen na planificación temporal (da aula) das unidades, que non está incluída nesta programación polo seu carácter específico e técnico, e outros que aparecen no apartado dos procedementos e instrumentos .

DESTREZAS		CCBB		PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS		RECURSOS		PROCESOS COGNITIVOS	
CE	Comprensión escrita	CL	Comunicación lingüística	Obsrv.	Rexistro observación de notas na aula.	WB	<i>Workbook</i>	ACC	Acceso
CO	Comprensión oral	CMCT	Matemática, científica e tecnolóxica	Proba	Exame	SB	<i>Student's Book</i>	IDE	Identificación
EE	Expresión escrita	CD	Competencia dixital	Presentation	Exame oral / apoio imaxe.	TG	<i>Teacher's Guide</i>	COMP	Comprensión
EO	Expresión oral	AA	Aprender a aprender	Project	Exame oral/ apoio imaxe.	CD	<i>Class audio CDs</i>	REP	Reproducción
IO	Interacción oral	SC	Sociais e cívicas	Writing	Exame escrito	T&R Multi-ROM	<i>Tests and resources Multi-ROM</i>	REF	Reflexión
TD	Todas destrezas	SIEE	Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	Listening	Exame de escoita	iPack	<i>Interactive materials</i>	CONX	Conexión
		CEC	Conciencia e expresións culturais	Speaking	Exame de conversa ou fala (presentación falada)			SINT	Síntese
								CREA	Creación
								MEM	Memorización

3. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

3.1 1º ESO

E probable que teñamos que ir facendo axustes e variando tanto a temporalización e secuenciación iniciais como os contidos dependendo das características e as necesidades de cada grupo. Como punto de partida traballaremos co material da editorial Oxford, que adaptaremos e complementaremos con outros materiais que axuden a mellorar a docencia da asignatura. Así mesmo os procedementos e instrumentos de avaliación poden adaptarse ao alumnado de xeito consensuado. .

1º trimestre (38 sesións aprox)		2º trimestre (32 sesións approx..)		3º trimestre (28 sesións)	
Avaliación inicial Setembro: 2 sesións	Probas de CCL e observación continuada.	Unidade 3 Live and learn Xaneiro: 8 sesións	Outros tipos de escola (USA,UK...) Os deportes How often do we do things?(frecuencia) Likes and dislikes (gustos) A pronuncia: -ing Project: This is Me. Reforzo	Unidade 7 Appearances Marzo-abril: 8 sesións	Fashion in Camden Town(appearances). Opasado simple do verbo be e as formas there was/were. A trip to a Space Centre in the USA. Os sons /ʊ/ e /u:/.
Unidade starter Setembro-outubro: 8 sesións	Linguas, nacións e nacionalidades. Uso dos pronomes persoais e dos adxectivos posesivos en contexto. Preposicións de lugar. behind, between, in, in front of, next to, on, under. A posesión. Os días da semana e as asinaturas. Introducción dos temas a tratar no curso. Entrada de un Blog. Reforzo	Unidade 4Extremes Xaneiro-febreiro: 8 sesións	Os parques temáticos. Adxectivos e grados. What's the weather like? A pronuncia: /j/ e /dʒ/ Auckland, New Zealand e actividades. Información turística. So, because.	Unidade 8 People and places Abril-maio: 8 sesións	Dubai – past and present. Tendas e comercios. False friends: only, alone, lonely. A town in the past.(past simple) Bath: A Roman Town. Consonant clusters en posición inicial: sn-, st-, sp-, sw- .
Unidade 1Family and home Outubro: 12 sesións	A casa e os membros da familia. Your family members. Pets. Opresente simple do verbo to be nas formas afirmativa, negativa e interrogativa. Os sons /i/ e /i:/. There is a /an...; there are some... A información persoal.Reforzo.	Unidade 5 That's different Febreiro: 8 sesións	A Charity Expedition. Opresent simple e o present continuous. Accións que están facendo agora. Diferentes tipos de música. Cape Town, South Africa. Conversas telefónicas. Silent letters.	Unidade 9 Looking forward Maio: 8 sesións	Computers and technology. As previsions : will / won't Films. Be going to para expresar plans futuros. Celebrating culture in Scotland. O son / ks /.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

	<p>para extraer información; comprensión de información global e/ou esencial nun programa de radio; audición e comprensión de anuncios, audición e compleción dun texto descritivo, audición de diálogos; realización dun ditado; selección dunha imaxe; corrección de frases a partir da audición.</p>	<p>B1.2 Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lentamente e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves que conteñan vocabulario propio do nivel.</p>	<p>PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.</p>	<p>Recoñece, con algunha axuda, a información relevante e o contexto da situación comunicativa de mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente.</p>	<p>CL AA CEC</p>	<p>OBSERVACIÓN</p>	<p>REXISTRO OBSRV.</p>	<p>TODO O CURSO</p>
	<p>Identificación de vocabulario sobre actividades que están sucedendo neste momento e a descrición de fotografías; a roupa e a aparencia no pasado; <i>landscape places, places in town and animals</i>; tecnoloxía e lecer no futuro</p>	<p>B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p>	<p>PLEB1.3. Distingue as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez..</p>	<p>Recoñece, con algunha axuda (aclaracións previas) a información relevante de textos orais nun rexistro estándar formalque estea a aprender ou do seu interese sempre que poida escoitalas máis dunha vez...</p>	<p>CL CD AA CEC</p>		<p>PROBA ESCRITA (Listening)</p>	<p>AO FINAL DE CADA TRIMESTRE.</p>
		<p>B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito.</p>	<p>PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.</p>	<p>Comprende a información máis relevante de textos orais en rexistro informal, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns, se se fala despacio e con claridade.</p>	<p>CL AA CEC</p>	<p>OBSERVACIÓN</p>	<p>REXISTRO OBSRV. PROBA ESCRITA (Listening)</p>	<p>TODO O CURSO AO FINAL DE CADA TRIMESTRE.</p>
		<p>B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e</p>	<p>PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da</p>	<p>Participanunha conversa informal comprendiendo as fórmulas máis habituais de contacto socialcando se lle fala con claridade, amodo e</p>	<p>AA CEC CL</p>	<p>OBSERVACIÓN</p>	<p>REXISTRO OBSRV.</p>	<p>TODO O CURSO</p>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

		terminar o discurso.	vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.					
O libro de texto utilizado é Key to Bacharelato de Oxford University Press. O alumno despon do Student's Book cunha sección *Starter* e oito unidades baseadas nun tema, unha actividade oral de debate para introducir cada unidade, Listening e Speaking integrados ao longo de toda a unidade, unha sección de *Reading, Grammar* (con teoría, práctica adicional e exercicios de consolidación de cada unidade), *Practical English, Writing e Extra Skills*. O Student's Book tamén dispón de seccións de repaso de unidade, *Grammar Workshop, Vocabulary Workshop e Speaking Workshop*. Tamén dispón de Workbook, tanto en versión dixital como imprimida, en dous niveis diferentes incluíndo exercicios con respostas máis abertas, un progress check para cada unidade, seccións extra de *Listening, Speaking, Writing, Word-building, Phrasal Verbs, Irregular Verbs and False Friends*. E dispón ademais do VocApp para practicar o vocabulario, a pronunciación, realizar traducións, etc. nun smart phone.

Key to Bacharelato e pois a base dos materiais para cubrir as diferentes necesidades de aprendizaxe. Os alumnos están expostos ante un inglés natural e real a través do uso de materiais auténticos, recollidos no Student's Book e os BBC videos orixinais no apartado de extra habilidades de cada unidade. Este achegamento faise eco no Workbook, o Teacher's Resource e Test CD-ROM, que tamén inclúe máis textos e audicións reais. Inclúese unha sección con vocabulario e apoio gramatical no Student's Book en forma de Grammar Workshop e Vocabulary Workshop. O Workbook proporciona práctica de gramática e vocabulario graduada en dous niveis, o Teacher's Resource and Tests CD-ROM proporciona práctica de gramática e vocabulario graduada en tres niveis e todos os Tests proporcionan versións máis estimulantes.

A guía didáctica contén actividades extra para alumnos que necesitan máis reforzo, así como actividades para manter ocupados os *fast finishers*. Adicionalmente as tarefas de personalizar no Student's Book permite a todos os alumnos contribuír dentro das súas capacidades lingüísticas

individuais.

Key ofrece uns recursos dixitais completamente integrados cos recursos imprimidos. Co iPack pódese introducir cada unidade cun video e presentar os contidos do Student's Book cun proxector ou unha lousa interactiva, e tamén se aproveitar do material de vídeo de cada unidade e os BBC videos in as páxinas extra de habilidades. A versión dixital do Workbook permite ao alumno levar un seguimento do seu progreso, e inclúe unha ferramenta interactiva para guiar o alumno na análise e composición dos seus textos. Coa VocApp os alumnos poden practicar o vocabulario do Student's Book de forma divertida e flexible. Todos os alumnos teñen ademais acceso aos recursos web no Oxford Online Learning Zone, onde poderán encontrar máis de 700 actividades prácticas interactivas, podcasts, artigos, etc, como xa explicamos anteriormente no apartado da ESO.

As prácticas de exame e as tarefas típicas de exame inclúense ao longo do curso, apoiados con consellos e suxestións para a revisión e técnicas de exame.

O Workbook inclúe 18 páxinas de práctica de exame que cobre o uso do inglés e as catro destrezas. O Workbook, Teacher's Resource and Tests CD-ROM proporcionan tamén prácticas de exame, incluíndo listening, speaking e tarefas similares aos exames polo B2. Tamén hai dispoñible un banco de prácticas de exame en Oxford Online Learning Zone e a aplicación **Say it app** para a fonética.

6. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos de etapa nas avaliacións continua e final da materia son os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe, que xa aparecen anteriormente nos cadros de cada curso.

A avaliación será continua, formativa e integradora. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado, estableceremos medidas de reforzo que inclúen atención persoal con cita previa, que se adoptarán en canto se detecten dificultades, procurando así a mellora do proceso de aprendizaxe.

Realizaranse **3 avaliacións** coas súas correspondentes cualificacións, coincidindo cos momentos fixados pola xefatura de estudos, habitualmente coincidindo coa fin de cada trimestre natural. Isto supoñerá a revisión e avaliación tamén do proceso de ensinoaprendizaxe e conseguintemente a elaboración de propostas de mellora.

6.1 Criterios de cualificación e promoción do alumnado da ESO.

A nota final de cada avaliación calcularase seguindo os porcentaxes aprobados polo Departamento en setembro 2020, que son os seguintes:

Para a etapa da ESO o sistema de cualificación para a avaliación ordinaria

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
---------------	---------------	---------------

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

<p>CCL: 70%, distribuído como segue:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Skills: <ul style="list-style-type: none"> ○ Writing:10% ○ Reading:10% ○ Listening:10% ○ Exposición oral planificada Speaking:10% • Exame Use of English: 30% 	<p>CCL: 80%, distribuído como segue:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proba libro lectura:10% • Skills: <ul style="list-style-type: none"> ○ Writing:10% ○ Reading:10% ○ Listening:10% ○ Exposición oral planificada Speaking:10% • Exame Use of English:30% 	<p>CCL: 70%, distribuído como segue:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Skills: <ul style="list-style-type: none"> ○ Writing:10% ○ Reading:10% ○ Listening:10% Exposición oral planificada Speaking:10% • Exame Use of English:30%
CAA: 10% (Actividades das unidades 5%/ Notebook 5%)	CAA: 7,5%(Actividades das unidades , Notebook)	CAA: 10% (Actividades das unidades 5%/ Notebook 5%)
CSC: 10% (hábitos de estudo e traballo)	CSC: 7,5% (hábitos de estudo e traballo)	CSC: 10% (hábitos de estudo e traballo)
CD: 5%	CD: 2,5%	CD: 5%
CCEC: 5%(Expresión oral espontánea na aula...)	CCEC:(Expresión oral espontánea na aula...): 2,5%	CCEC:(Expresión oral espontánea na aula...):5%

Se os alumnos tiveran problemas coas fechas dos exames o falta de tempo a proba do libro da lectura obligatoria podería realizarse no último trimestre cambiando os porcentaxes do cadro anterior de xeito que os da segunda avaliación cambien á terceira e viceversa.

As **competencias** serán avaliadas mediante as **rúbricas** para as exposicións orais planificadas tamén se empregarán rúbricas específicas que o alumnado coñecerá de antemán. Indicamos, de xeito sintetizado, os aspectos que se valorarán en cada competencia:

- na **CAA** observarase o seu esforzo, organización e autonomía no seu traballo diario e no caderno declase.
- na **CSC** valorarase a responsabilidade na entrega de tarefas, nos prazos, no coidado do material e do respecto e a harmonía coas compañeiras/os cando traballan en grupo ou na clase xeralmente e o seu hábito de estudo e traballo.
- na **CCEC** terase en conta o respecto e interese sobre as distintas manifestacións culturais e a súa creatividade e participación activa espontánea na aula.
- na **CD** avaliarase a súa capacidade para manexar as TIC, buscar e transformar información e respectar as fontes de información e máis a súa actividade nas páxinas web traballadas.

A nota de cada avaliación calcularase sumando as notas de cada unha das competencias sinaladas no cadro porcentaxe amosado; para acadar unha cualificación positiva será necesario obter unha nota de 5 puntos sobre 10 ou superior. A cualificación da avaliación final será a da terceira avaliación se non obtívese a nota 5 (aprobado) obtérase mediante o cálculo da media aritmética das tres avaliacións (sen redondeo).

Tanto as intervencións espontáneas na aula como as exposicións orais planificadas serán avaliadas mediante as correspondentes rúbricas no caderno de observación , que se lle darán a coñecer ao alumnado no tablón da clase(explicación da puntuación) .

Recuperacións:

Cando un alumno/a teña unha avaliación suspensa pode aprobar directamente na seguinte avaliación grazas a avaliación continua ou na final sempre que a media das tres avaliacións sexa igual ou superior aos 5 puntos sobre 10; o alumnado que non superase a avaliación final deberá presentarse ao exame da convocatoria extraordinaria de setembro.

Na **convocatoria extraordinaria**, dado que non hai posibilidade loxística de facer probas de expresión oral, efectuarase un exame escrito sobre os estándares mínimos de comprensión e expresión escrita, funcionamento da lingua, lingua e sociedade e mais literatura. Será necesario acadar 5 puntos para superar a materia.

No caso de que se descubra a un alumno facendo trampas nunha proba , esa parte será invalidada e só se correxirá o resto do exame ou ben se invalidará o exame completo dándolle a oportunidade de volver a facelo ao infractor.

En canto aos **criterios de promoción**, o alumnado promocionará de curso cando aprobe todas as materias ,ou teña suspensas, como máximo, dúas . Este último punto poderá ser modificado seguindo os criterios oficiais da consellería de educación no caso de emerxencia sanitaria. Existe un plan no centro para a recuperación das materias pendentes .

6.2 Criterios de cualificación e promoción do alumnado do BACHERELATO.

Os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe son os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos de etapa nas avaliacións continua e final da materia. Os instrumentos e procedementos de avaliación tamén están especificados no mesmo apartado.

A avaliación será continua, formativa e integradora. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo como recomendacións en canto se detecten dificultades, procurando así a mellora do proceso de aprendizaxe. Realizaranse 3 avaliacións coas súas correspondentes cualificacións, segundo o calendario fixado pola Xefatura de estudos.

A continuación detállase o **sistema de cualificación para a avaliación ordinaria**:

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

1ºBACH

1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación
Expresión oral: • Intervencións espontáneas na aula(10%)	Expresión oral: • Intervencións espontáneas na aula(5%)	Expresión oral: • Intervencións espontáneas na aula(10%)
Expresión escrita: • Práctica de textos de ABAU(10%)	Expresión escrita: • Práctica de textos de ABAU(5%) • Proba escrita sobre un libro de lectura(10%)(pode pasar á seguinte avaliación dependendo dos alumnos)	Expresión escrita: • Práctica de textos de ABAU(Compositions) (10%).
Probas: Reading 10 % Writing 10% Listening 10%	Probas: Reading 10% Writing 10% Listening 10%	Probas : Reading 10% Writing 10% Listening 10%
Use of English40% Proba oral.(Speaking) 10%	Use of English40% Proba oral .(Speaking) 10%	Use of English 40% Proba oral . (Speaking)10%

2ºBACH

Deseguido especificanse os procedementos de avaliación e a súacualificación:

1ª avaliación	2ª avaliación *	3ª avaliación
Expresión oral: • Intervencións espontáneas na aula(10%)	Expresión oral: • Intervencións espontáneas na aula(5%)	Expresión oral: • Intervencións espontáneas na aula(10%)
Expresión escrita: • Práctica de textos de ABAU(10%)	Expresión escrita: • Práctica de textos de ABAU(5%) • Proba escrita sobre un libro de lectura(10%)(pode pasar á seguinte avaliación dependendo dos alumnos)	Expresión escrita: • Práctica de textos de ABAU(Compositions)(10%)
Probas : Reading 10 % Writing 10%) Listening 10%	Probas: Reading 10% Writing 10% Listening 10%	Probas : Reading 10% Writing 10% Listening 10%
Use of English40% Proba oral(Speaking) 10%	Use of English40% Proba oral(Speaking) 10%	Use of English40% Proba oral.(Speaking) 10%

Exames: 80%.Realizaranse varias probas por avaliación: dúas de comprensión, análise e produción textual (*Writing e Reading*) e outro sobre

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

funcionamento da lingua (*Use of English*), una proba de expresión oral (*Speaking*) e outra de comprensión oral (*Listening*). O total computará o 80% da nota global. A nota global total debe chegar a un 5 sobre 10 de non ser así, consideraríase suspensa a avaliación. Se non fora posible, por razóns de tempo principalmente, facer a proba oral, ese percentaxe engadiríase ao de exame *Use of English*.

A **nota de cada avaliación** calcularase sumando as notas de cada un dos apartados anteriores; para obter unha cualificación positiva será necesario obter unha nota de 5 puntos sobre 10.

Tanto as intervencións espontáneas na aula como as exposicións orais planificadas serán avaliadas mediante as correspondentes rúbricas no caderno de observación, que se lle darán a coñecer ao alumnado no tablón da clase (explicación da puntuación).

Para aprobar a materia na avaliación final ordinaria será necesario ter aprobada a terceira avaliación. Se non fora o caso a **nota final** calcularase mediante a media aritmética das notas das tres avaliacións sen redondeo.

Recuperacións:

Cando un alumno/a teña unha avaliación suspensa pode aprobar directamente na seguinte avaliación grazas a avaliación continua ou na final sempre que a media das tres avaliacións sexa igual ou superior aos 5 puntos sobre 10; o alumnado que non superase a avaliación final deberá presentarse ao exame da convocatoria extraordinaria.

Na **convocatoria extraordinaria**, dado que non hai tempo de facer probas de expresión oral, efectuarase un exame escrito sobre os estándares mínimos de comprensión e expresión escrita, funcionamento da lingua e lingua e sociedade. Será necesario acadar 5 puntos sobre 10 para superar a materia.

No caso de que se descubra a un alumno facendo trampas nunha proba, esa parte será invalidada e só se correxirá o resto do exame ou ben se invalidará o exame completo dándolle a oportunidade de volver a facelo ao infractor.

En canto aos **criterios de promoción**, o alumnado promocionará de curso cando aprrobe todas as materias, ou teña suspensas, como máximo, dúas no caso do primeiro curso do bachelato. Este último punto poderá ser modificado seguindo os criterios oficiais da consellería de educación no caso de emerxencia sanitaria.

7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Un dos aspectos que non podemos esquecernos de avaliar é o proceso de ensino e a nosa propia práctica docente. Para un desenvolvemento axeitado e á vez simplificado deste apartado usaremos unha serie de indicadores de logro que recollen as catro dimensións básicas que cremos reúnen os

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

indicadores máis significativos para abordar a práctica docente:

Seguimento da programación.

Atención á diversidade

Exercicios, actividades e tarefas na aula

Aplicación dos criterios de avaliación e cualificación.

Resultado da posta en común de ideas na clase sobre cómo acadar os obxectivos propostos e mellorar a efectividade do traballo e a colaboración.

7.1 Concreción dos indicadores.

	1	2	3	4
1. Cando comezamos unha unidade ou tema novo, presentámoslles aos alumnos os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar, como serán avaliados...				
2. Motivamos aos alumnos comunicándolles os obxectivos que queremos conseguir e a finalidade das actividades, partindo dos				
seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándoos da utilidade e creándolles expectativas.				
3. Deseñamos distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos.				
4. Organizamos ben o tempo da clase en función das actividades a realizar.				
5. As actividades que propoñemos están relacionadas con situacións da vida real e o alumnado enténdeo.				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

6. Propoñemos actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma (búsqueda de información, traballos, investigacións...). Definimos os obxectivos básicos do traballo para logo avalialo.				
7. Corriximos e explicamos de forma habitual os traballos e actividades do alumnado, e damos pautas para a mellora da súa aprendizaxe.				
8. En función das características de cada alumno/a, plantexamos tarefas e logros diferentes.				
9. Empregamos metodoloxías diversas que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno/a e que teñan en conta os seus intereses.				
10. Variamos a organización do grupo-clase (traballo individual, en parellas, en pequeno grupo, en gran grupo, organizamos axudas entre iguais en base aos perfís diferentes dos alumnos...)				
11. Empregamos recursos e materiais variados para a aprendizaxe da lingua: libro, material audiovisual, material impreso, ferramentas TIC... e seleccionámolos en función da súa idoneidade.				
12. Traballamos os temas transversais.				
13. Temos en conta os acordos cos compañeiros do noso Departamento.				
14. Utilizamos diferentes tipos de probas de avaliación (exames, traballos individuais, traballos en grupo, exposicións orais...)				
15. Utilizamos diversos instrumentos de rexistro e diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.				

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

16. Analizamos os resultados e temos en conta aqueles alumnos que se alonxan da media tanto por arriba como por abaixo.				
17. Propoñemos novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos cando estes non foron acadados.				
18. Propoñemos novas actividades de maior nivel para o alumnado que acadou os obxectivos en profundidade.				

Despois de completar este cuestionario, reflexionamos e debatemos os resultados. Para centrar o debate nos aspectos máis interesantes contemplando todas as aportacións, usaremos a seguinte plantilla:

Plantilla de interpretación de datos.

Nivel de reflexión		Nivel de debate	
Individual		No Seminario de Inglés	
Aspectos que hai que considerar			
Imprevistos	Fortalezas	Debilidades	
Conclusiones			
	Aspectos positivos	Aspectos que temos que mellorar	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

Atención á Diversidade		
Seguimento da Programación		
Actividades na aula		
Aplicación dos criterios de Avaliación e cualificación		

8.ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIASPENDENTES.

A programación didáctica para alumnos de ESO coa asignatura de inglés pendente do curso anterior, está baseada na programación xeral de inglés.

❖ O alumno deberá realizar unas tarefas de repaso semanalmente (12 ó longo de todo o curso). Estas fichas serán entregadas ao propio alumno persoalmente ou medianteo seu titor. O alumno ten a obriga de entregar os exercicios á súa profesora de inglés tanto persoalmente ou a través do seu titor de pendentes nun prazo determinado previamente . O profesor correxirá os exercicios e darallos ó alumno no prazo mais breve posible. O alumno ten que ter tódolos exercicios correxidos antes da fecha do examen de maio de 2021.

❖ Na convocatoria ordinaria istas tarefas serán un **50%** da cualificación global, que deben ser orixinais e persoais (no caso do copiar a tarefa, a puntuación das persoas implicadas será 0 nesa tarefa); se as entregas se retrasan de xeito reiterado ou no se avisa da xustificación do retraso en tempo e forma a nota da entrega é 0 . No caso do alumnado seleccionado para o Plan de Atención a pendentes o **25%** desta cualificación, relativa ao nivel de esforzo e traballo, outorgaao profesorado do plan e o **25%** restante, que avaliará o nivel de asimilación dos contidos, corresponderalle ao departamento de inglés.

❖ O exame terá un valor do **50%** da cualificación global. Para que se poida facer media entre a nota do exame e a das

tarefas, será necesario que o alumno obteña, como **mínimo, un 3.25 no exame.**

- ❖ Exame: **CONVOCATORIA ORDINARIA : MAIO de2021.**
- ❖ Na **CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA o exame terá un valor do 100%.**

9.DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVASQUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

O proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado diríxese cara ao logro dunha serie de obxectivos, o que implica partir dun “estado inicial” que deberemos coñecer. O coñecemento do nivel, as características, as necesidades e o contorno do alumnado permitiranos tomar decisión relativas a:

- Planificar e programar as actividades docentes.
- Adoptar as medidas de atención á diversidade necesarias.
- Analizar que metodoloxía cómpre empregar.

Que aspectos interesa avaliar? Creemos que é máis importante avaliar neste primeiro momento os posibles recursos e capacidades do alumnado ca as deficiencias que presenten, aínda que sen esquecer estas. Parécenos máis produtivo coñecer as súas expectativas e intereses, a potencialidade que teñen, ca constatar se posúen un nivel alto ou baixo. Por iso, cómpre explorar e coñecer o ambiente social e familiar no que se move e as súas actitudes fronte á materia, aos hábitos de traballo e aos temas transversais que poidamos tratar co fin de ter así datos que serán valiosos para fomentar a motivación por aprender.

Tamén interesa coñecer as súas capacidades en relación aos procedementos (lectura, escritura, expresión oral...) e os conceptos básicos da materia para saber se hai que reforzar algo.

En primeiro lugar, debe terse en conta que a avaliación inicial é un proceso encomendado ao equipo docente de xeito colectivo, o que permitirá un intercambio de información e opinión que facilitarán un ensino baseado nas necesidades e características dos alumnos e tanto as reuniónes do equipo ordinarias como a reunión da avaliación inicial axudarán a comprender as necesidades do alumnado .

A nivel individual, na avaliación inicial nos cursos que comezan 1º ESO, é difícil facer un seguimento profundo en tan pouco tempo (xeralmente un mes) aínda que sexan bastante útiles as recomendacións dos colexios , partiremos logo duns piares básicos:

- A observación do grupo e da a actitude de cada alumno cara á asignatura a través de intercambios orais, realización de exercicios ou actividades na aula.
- Breves entrevistas con algúns alumnos nos recreos e co seus pais nas horas programadas .
- Unha proba escrita opcional, a criterio do profesor que recolla as aptitudes ou carencias iniciais, se é o caso, na materia (comprensión, expresión escrita, contidos gramaticais ...) dependendo de si o profesor coñece o grupo con anterioridade.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

Pretendemos que esta avaliación, cando menos, sirva para:

- Ofrecer datos relativos ao entorno socio-familiar do alumno ou alumna, informando sobre as expectativas que se ten do proceso de aprendizaxe, as posibilidades de axuda e colaboración da familia, aspectos que inciden no seudesenvolvemento.
- Aportar información sobre o contexto escolar no que se move o grupo: profesorado, posibilidades de interacción con outros alumnos, con outros grupos...
- Definir os coñecementos previos do alumnado, as súas competencias con respecto ao currículo que se pretende desenvolver e as súas necesidades.
- Definir a intervención educativa que se vai levar a cabo cun alumno o alumna, priorizando os aspectos deficitarios que sexan precisos para o desenvolvemento de habilidades funcionais propias da súa idade.
- Concretar as estratexias de aprendizaxe que o alumno ou alumna utiliza para a incorporación de coñecementos e habilidades novas, permitindo unha ensinanza máis eficaz.

10.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Un dos elementos que máis promovía a LOE e segue promovendo con LOMCE é a *atención á diversidade*. É claro que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino.

Por iso, séguese mantendo as seguintes medidas:

- **Programas de apoio e reforzo.**
- **Adaptacións curriculares**
- **Desdobres de grupos.**

Hai outras medidas novas como a desaparición dos **PMAR** (Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento. Tamén se volve a **Formación Profesional Básica**, estruturada en 2 cursos.

Na aula, o profesor/a deberá ter sempre en conta a diversidade do alumnado e, se cómpre, recorrerá a mecanismos que aseguren unha atención axustada ás características individuais dos alumnos. Para iso procurará a identificación o antes posible das necesidades educativas dos alumnos co fin de valoralas e intervir axiña establecendo as medidas oportunas, de forma que iso facilite o progreso do alumno. Na aula as posibles medidas de atención á diversidade a tomar serán:

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

- **Para o alumnado con altas capacidades intelectuais:** facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados as necesidades destes alumnos para permitir alcanzar o máximo do seu potencial.
- **Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo:** adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación de seu desfase para que lles permita continuar cos seus estudos con aproveitamento.
- **Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe:** se adoptarán tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, se tomarán medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, se priorizarán os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou en materiais considerados como tais.
As actividades de reforzo e extensión permiten dar una atención individualizada aos alumnos segundo as súas necesidades e ritmo de aprendizaxe. Se inclúen ideas nas leccións para responder as diversas situacións que xurden na aula.

En canto ao material destinado ao alumno, o Student's book propón en cada unidade actividades para os alumnos que rematan antes que o resto, diferenciadas do resto de actividades. No Workbook inclúense actividades en tres niveis: básico, estándar e superior. Para aqueles alumnos que necesitan repasar a gramática, o Workbook tamén contén cadros gramaticais coa correspondente explicación, así como exercicios de práctica adicional.

Entre os materiais para o profesor, a Teacher's Guide propón actividades de reforzo e consolidación para os alumnos así como notas para o profesor, consellos didácticos, para afrontar as diferentes expectativas do alumnado, así como o solucionario de todas as actividades do Student's book e o Workbook.

No Tests and Teacher's Resources multi-ROM, un dos seus compoñentes, o profesor dispón de páxinas fotocopiáveis e imprimibles de actividades de gramática e vocabulario por unidade a tres niveis distintos de dificultade. Tamén dispón dunha Communicative pairwork worksheet por unidade para realizar a práctica oral e dunha Cross-curricular extension worksheet por unidade relacionada coa sección Focus on... do Student's book. O profesorado contará tamén con 1 test para cada unidade, para final de trimestre e curso, todos eles a tres niveis de dificultade.

Finalmente, o profesor dispón dun material específico para a Atención á diversidade, o 1000 + Activities for Mixed Ability multi-ROM, con multitude de recursos e actividades que permiten traballar os principais contidos curriculares (gramática, vocabulario e todas as destrezas lingüísticas) cos alumnos que presenten maiores dificultades ademais de páxinas web como 7 ESL e ELTP .

11.CONCRECIÓN DOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

Como é de esperar, na materia da lingua inglesa trabállanse principalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita en tódalas unidades; pero tamén se traballan a comunicación audiovisual e as TIC a través de o material xa mencionado nos recursos a utilizar na área. A descripción dos elementos transversais aparece nos contidos lingüísticos integrados na plantilla xeral dos estándares, obxectivos,etc.

O emprendemento e a competencia social e cívica tamén se traballa xa que se axuda ós alumnos a ter confianza en si mesmos, a tomar a iniciativa para realizar diferentes actividades e a poñelas en práctica na vida real e nas actividades de expresión oral invítase aos alumnos a expresar as súas opinións persoais, a contrastar as súas ideas e a compartir e a organizar o traballo en grupo.

Tamén se fomenta a **educación cívica e constitucional** en cada unha das unidades, xa que se aprende sobre un tema nun contexto social e histórico e se fomenta o sentido da responsabilidade ética e o espírito comunitario.

Todos istos elementos traballaranse ao longo do curso xa que todas as leccións os inclúen dun xeito ou outro pero, ademáis, participaremos como nos anteriores cursos nos proxectos xerais transversais do centro que se levan a cabo dende a biblioteca do Camballón e nas actividades propostas . Neste curso trataremosos cuidados e todo o relacionado co tema (saude, alimentación,etc) usando os recursos de diferentes webs en inglés.

11 .APORTACIÓN DO DEPARTAMENTO AO PLANLECTOR.

A lectura é una parte fundamental no aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

Dentro da aula consta fundamentalmente de traballar con distintos textos de “reading” adaptados a cada unidade. Con estes textos practícanse distintos aspectos da lingua:pronunciación, entonación, comprensión e serven de modelo para que os alumnos interactúen oralmente.

Ademais, é obrigatoria a lectura dun libro en inglés durante o curso. Este libro será leído (e escoitado) en parte na aula e en parte na casa, fomentando así a autonomía do alumnado.

12.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS PARA CADA CURSO.

O departamento de inglés non contempla a posibilidade de realizar actividades ao longo do curso 2020- 2021 debido a situación excepcional que supón a implantación do protocolo Covid .

13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DEMELLORA.

No primeiro lugar cómpre indicar que a programación didáctica do curso chegará ao alumnado e ás familias a través distos medios:

1. A programación estará a disposición da comunidade educativa na páxina web do centro.

Por outra banda, a programación será obxecto de avaliación e poderá sufrir algunha variación en beneficio do proceso educativo e con vistas á mellor consecución dos obxectivos, previa conformidade dos membros do Departamento, que tratarán os aspectos relativos á docencia do alumnado. Tales modificacións, debidamente xustificadas, deberán figurar nunha acta de departamento e recolleranse na memoria final de curso. A avaliación da programación farase a través dos indicadores de logro que avalían o proceso de ensino e a práctica docente. A análise disto e dos resultados académicos, realizada nas reunións de departamento ao longo do curso e cuxo contido quedará reflectido no libro de actas do departamento, pode supoñer a modificación de aspectos da programación, tanto a nivel de obxectivos, como de recursos ou metodoloxía procurando sempre aportar cambios que supoñan unha mellora.

Para valorar o axuste entre a programación e os resultados obtidos, o Departamento deseñou o seguinte instrumento:

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Programación didáctica.	Non se adecúa ó contexto da aula.	Adecúase parcialmente ó contexto da aula.	Adecúase completamente ó contexto da aula.	
Plans de mellora.	Non se adoptaron medidas de mellora tralos resultados académicos obtidos.	Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tralos resultados académicos obtidos.	Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas.	Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.	Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.	
Temas transversais.	Non se traballaron tódolos temas transversais na materia.	Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.	Traballáronse tódolos temas transversais na materia.	
Programa de recuperación.	Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos.	Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten.	Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten.	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO			Resultado
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido	
Obxectivos da materia.	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.	
Competencias clave.	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia.	
Práctica docente.	A práctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.	
Programas de mellora para a práctica docente.	Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente.	Identificáronse os puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente.	Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.	
Materiais e recursos didácticos	Os materiais e recursos didácticos non foron os adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados.	Os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados.	

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

Disribución de espazos e tempos	A distribución dos espazos e tempos non foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e tempos foi parcialmente adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	A distribución dos espazos e os tempos foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados.	
Métodos didácticos e pedagóxicos	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima da aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima na aula e do centro.	Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima da aula.	
Resultados da avaliación	Os resultados da avaliación nesta materia non foron satisfactorios.	Os resultados da avaliación nesta materia foron moderados.	Os resultados da avaliación nesta materia foron satisfactorios.	

14. MEDIDAS DE ATENCION E REFORZO.

O departamento recomendará materiais de apoio que axuden aos alumnos na superación das dificultades que podan surxir ao longo do curso como gramáticas ou páxinas web (**Burlington Grammar for ESO; Burlington Grammar for Bachillerato; British Council Learning Teen Web; OOLZ Web**) dándolles a posibilidade de solucionar as dúbidas que teñan. Incluso poderíanse usar os ordenadores para facer práctica co CD rom que usamos habitualmente (isto dependería da actitude do alumnado cara o traballo). A implicación nas actividades influirá positivamente e terémolas en conta na hora de ponderar as notas das competencias correspondentes (CAA, CSC e CCEC). Todo isto xunto co repaso xeral que sempre levamos a cabo na primeira avaliación pode mellorar o rendemento dos alumnos máis afectados polo confinamento do curso anterior.

15. ANEXO COVID

INSTRUCCIÓN RESPECTO DA ATENCIÓN DO ALUMNADO

O centro disporá das medidas precisas para facilitar a continuidade do proceso de aprendizaxe do alumnado fóra do ámbito escolar.

Cada centro, dentro da súa autonomía pedagóxica e de xestión, establecerá un sistema de comunicación e información co alumnado e as familias a través das ferramentas ou plataformas coas que traballa habitualmente, así como calquera outro medio de comunicación que o centro estime adecuado para esta situación. No noso caso o Google classroom será a ferramenta básica que usaremos para dar clase de xeito telemático e comunicarnos. Dado o carácter audiovisual da nosa asignatura os posibles escenarios de confinamento non inflúen na calidade dos estándares que son os propios de cada curso e os mínimos de consecución previamente amosados. Son os procedementos os que poderían cambiar de xeito que a observación presencial se convertería en telemática .

Os equipos docentes e o restante profesorado elaborarán actividades para que o alumnado continúe co seu proceso educativo nos seus domicilios no caso do confinamento total ou parcial a través da ensinanza telemática. Se o confinamento fora parcial e a ensinanza semipresencial os criterios de avaliación seguirían sendo os mesmos, aínda que combinásemos instrumentos telemáticos e presenciais, xa que as actividades son as mesmas e practican os correspondentes estándares de cada curso xa descritos nesta programación .

Dende o departamento de Inglés do IES Marco do Camballón co motivo das medidas tomadas pola Xunta e o centro de ensino para garantir o proceso de aprendizaxe do alumnado recomendamos o uso das páxinas web e aplicacións gratuitas usadas durante o curso (**OOLZSecondary** (Oxford Online Learning Zone Secondary) **MosaicVoc app**; **Sounds Right app** (British Council para 2º Bach) **Say it app**) e no caso de confinamento total haberá acceso gratuito a aula virtual **Blinklearning** con actividades puntuables no percentaxe establecido no cadro de criterios de avaliación .

Se tiveran algunha dúbida sempre poderán consultar no correo das profesoras na súa clase do google classroom activada dende principio de curso. As actividades do workbook e do student´s das leccións por terminar poderán completarse e corrixirse a través das plataformas .

Enlaces de interés : <http://www.oup.com/elt/oupesecondary>

15.1 Avaliación e cualificación dos cursos ESO

<p>Avaliación</p>	<p>Procedementos: Método observacional (tarefas, execucións e produtos) Probas escritas</p> <p>Instrumentos: Entrega regular de actividades telemáticas , na aula virtual realizadas durante o periodo extraordinario de confinamento . Utilizanse actividais na aula virtual que simulan a situación que describe o estándar , mantense o concepto cambiando o lugar de desenvolvemento. As actividais de repaso das aprendizaxes e competencias ensinadas nos dous primeiros trimestres e mais as follas de material de reforzo serven como actividais de recuperación e reforzo para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres. Ademais poderían ampliar su aprendizaxe con material voluntario gratuito que está a disposición de todo o alumnado recomendado na web. A exposición oral planificada (Speaking) presencial será substituída por unha proba grabada. Asskills e o Use of English serán practicadas por medio das actividades na aula virtual realizadas durante o confinamento, xa que son una mistura do mesmo tipo de exercicio feito nas clases presenciais.</p>
<p>Cualificación final</p>	<p>CCL: 70%, distribuído como segue:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Skills: <ul style="list-style-type: none"> <i>Writing:10%</i> <i>Reading:10%</i> <i>Listening:10%</i> <i>Speaking:10%</i> • Use of English:30% • Obligatory Reader 10% (2ª avaliación)* <p>Otras competencias : 30% distribuído como segue:</p>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

	<p>CAA: 10%esfuerzo, mellora, autonomía e organización,entregas das tarefas, traballo na clase, reforzo...(7,5% 2ªAv*)</p> <p>CSC: 10% prazos, limpeza e responsabilidade, hábito de estudo...nas tarefas(7,5% 2ªAv*)</p> <p>CD: 5% uso do material dixital(2,5%2ªAv*)</p> <p>CCEC:5% Interese cultural, creatividade e participación, orixinalidade...nas tarefas(2,5 % 2ª Av *)</p> <p>Para aprobar a materia na avaliación final ordinaria será necesario ter aprobada a terceira avaliación.</p> <p>Se a nota da terceira avaliación foise suspensa farase a media aritmética das notas das tres avaliacións e manterase como nota da avaliación final a mais alta.</p>
Proba extraordinaria de setembro	Na convocatoria de setembro , dado que non hai posibilidade loxística de facer probas de expresión oral, efectuarase un exame escrito sobre os estándares mínimos de comprensión e expresión escrita e funcionamento da lingua. Será necesario acadar 5 puntos sobre 10 para superar a materia.
3. Metodoloxía e actividades (recuperación, repaso, reforzo, e ampliación)	
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O centro preocupouse de identificar e dotar ao alumnado sen conectividade. A metodoloxia, enton, axustase as condicións de conectividade do total de alumnado integrante do grupo, e segue a ser activa e participativa, aínda que agora se concentra no traballo individual máis que no cooperativo, polas condicións nas que se desenvolve.</p> <p>Empreganse, segundo o tipo de sesión, grupo e estado da conexión, comunicación a través de correo electrónico ,meet e incluso a chamada telefónica, se se considera necesaria.</p>
Materiais e recursos	<p>O alumno dispón de <i>Student's Book / Digital Student's Book, Workbook/ Digital Workbook, VocApp</i> unha zona web específica con actividades de consolidación e de práctica das diferentes destrezas chamada <i>Oxford Online Learning Zone</i>.</p> <p>A plataforma <i>Blinklearning</i> estivo funcionando correctamente no pasado curso, e unha aplicación moi similar ao Edixgal que permite ao profesor avaliar os estándares de aprendizaxe de un xeito práctico mediante a aula virtual Dynamic que cubre os contidos e estándares oficiais necesarios e os libros dixitais Mosaic con material autoevaluábel e available polo profesorado.No caso do confinamiento severo a editorial proporcionará o acceso gratuito ao alumnado.</p>

	Emprego do correo corporativo do que dispon o alumnado e profesorado do Centro. Emprego de equipos e aplicacións informáticas que permiten o acceso as tarefas.
4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A Xefatura de Departamento publicara o documento oficial no que figuran as modificacións para cada curso na páxina web do IES.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

15.2 Avaliación do Bachelato

	2. Avaliación e cualificación
Avaliación	<p>Procedementos: Método observacional (tarefas, execucións e produtos)</p> <p>Probas escritas .</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Entrega regular de actividades telemáticas , na aula virtual realizadas durante o periodo extraordinario de confinamento . Utilízanse actividades na aula virtual que simulan a situación que describe o estándar , mantense o concepto cambiando o lugar de desenvolvemento. Ademais poderían ampliar su aprendizaxe con material voluntario que está a disposición de todo o alumnado.</p> <p>As actividades de repaso sobre aprendizaxes e competencias dos dous primeiros trimestres das avaliacións presenciais e</p>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

	<p>mais as follas de material de reforzo serven como actividades de recuperación para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres e o seu percentaxe da nota está especificado no apartado criterios de cualificación .</p> <p>As skills e o Use of English serán avaliadas por medio das actividades realizadas durante o confinamento, xa que son una mestura do mesmo tipo de exercicio practicado nas clases presenciais.</p>
Cualificación final	<p>Reading 10% Writing 10% Listening 10% Speaking 10% Use of English 40%</p> <p>Obligatory reader 10% *(en la segunda avaliación) Homework 10% (Blink / Classroom) (5% 2º Av*) Participation and habits of study /work 10%(5% 2º Av*)</p> <p>A nota da terceira avaliación calcularase sumando as notas de cada un dos apartados anteriores debidamente ponderados; para obter unha cualificación positiva será necesario obter unha nota de 5 puntos sobre 10 ou superior. Para aprobar a materia na avaliación final ordinaria será necesario ter aprobada a terceira avaliación. Se a nota da terceira avaliación foise suspensa farase a media aritmética das notas das tres avaliacións e manterase como nota da avaliación final a mais alta.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Na convocatoria de setembro, dado que non hai posibilidade loxística de facer probas de expresión oral, efectuarase un exame escrito sobre os estándares mínimos de comprensión e expresión escrita e funcionamento da lingua. Será necesario acadar 5 puntos para superar a materia.</p>
3. Metodoloxía e actividades (recuperación, repaso, reforzo, e ampliación)	
Actividades	Tarefas telemáticas de repaso e ampliación, axustándose ao traballo das competencias e estándares imprescindibles.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS PARA A ESO E O BACHERELATO 2020 / 2021

<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>O centro preocupouse de identificar e dotar ao alumnado sen conectividade. A metodoloxía, enton, axustase as condicións de conectividade do total de alumnado integrante do grupo, e segue a ser activa e participativa, aínda que agora se concentra no traballo individual máis que no cooperativo, polas condicións nas que se desenvolve.</p> <p>Empreganse, segundo o tipo de sesión, grupo e estado da conexión, a comunicación a través de correo electrónico e do meet da aula virtual e incluso a chamada telefónica, se se considera necesaria.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>O alumno dispón de <i>Student's Book / Digital Student's Book, Workbook/ Digital Workbook, VocApp</i> e unha zona web específica con actividades de consolidación e de práctica das diferentes destrezas chamada <i>Oxford OnlineLearning Zone</i>. Recomendamos a App Sounds right para o aprendizaxe da fonética.</p> <p>A plataforma <i>Blinklearning</i> estivo funcionando correctamente, e é unha aplicación moi similar ao Edixgal que permite ao profesor avaliar os estándares de aprendizaxe de un xeito práctico mediante a aula virtual que cubre os contidos e estándares oficiais necesarios e os libros dixitais Key con material autoevaluado e avaliable polo profesorado, que inclúe unha ferramenta interactiva para guiar o alumno na análise e composición dos seus textos.</p> <p>Emprego do correo corporativo do que dispoñen o alumnado e profesorado do Centro.</p> <p>Emprego de equipos e aplicacións informáticas que permiten o acceso as tarefas.</p>
<p>4. Información e publicidade</p>	
<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>A Xefatura de Departamento publicará o documento oficial no que figuran as modificacións para cada curso na páxina web do IES.</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>

Vila de cruces a 26 de octubre de 2020

MEMBROS DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS

M^aJosefa Conde Fernández M^a del Carmen Lamas Méijome